

Co obxectivo de apoiar os autores dramáticos e estimular a creación de novos textos dramáticos en lingua galega, a Fundación SGAE da Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE) convoca para os seus socios de Galicia a

**SELECCIÓN DE TEXTOS TEATRAIS EN GALEGO PARA LECTURAS DRAMATIZADAS DO
CONSELLO TERRITORIAL DA SGAE EN GALICIA 2017**

A Fundación SGAE, a través do seu Consello Territorial en Galicia, pon en marcha unha nova edición dun ciclo de lecturas dramatizadas *TEXTOS TEATRAIS EN GALEGO* na Comunidade galega, cuxa iniciativa ten como obxectivo impulsar e apoiar a creación de novos textos dramáticos de autores socios da SGAE.

Por este motivo, a Fundación SGAE abre unha convocatoria pública dirixida a todos os autores dramáticos socios da Sociedade Xeral de Autores e Editores que teñan o seu domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre outros obxectivos, este programa quere promocionar os autores dramáticos para a difusión das súas obras contribuíndo a posibles producións escénicas.

Unha vez se realice o protocolo de selección, elixiranse textos dramáticos para levar a cabo a súa representación no ciclo de lecturas dramatizadas *TEXTOS TEATRAIS EN GALEGO*, impulsado pola Fundación SGAE en diferentes cidades de Galicia ao longo do ano 2017 e nas datas que a Fundación SGAE estime.

O número de textos seleccionados virá determinado polo orzamento máximo asignado polo Consello Territorial de SGAE Galicia.

BASES

1. Solicitantes e requisitos

A Fundación SGAE convoca todos aqueles interesados que se correspondan cos indicados no segundo parágrafo do presente documento.

A presentación deberá realizala directamente cada autor dramático socio da SGAE que teña o seu domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia, con tantos textos teatrais orixinais como considere, sempre e cando estean escritos en lingua galega. Ditos textos teatrais recollerán como máximo oito personaxes a interpretar.

2. Solicitud e documentación

Os textos teatrais orixinais en lingua galega serán enviados vía correo electrónico ao enderezo pblanco@fundacionsgae.org, poñendo no asunto "Lecturas

Dramatizadas TEXTOS TEATRAIS EN GALEGO Fundación SGAE Galicia” e deseguido o título do texto.

O enderezo electrónico deberá incluír dous arquivos anexos:

- A) Texto da obra.
- B) PDF cos datos persoais e de contacto, tales como nome, apelidos, enderezo actual (residencia habitual e residencia fiscal), correo electrónico, número de teléfono, ademais dun breve *curriculum*, incluíndo lugar e data de nacemento e número de socio SGAE.

O prazo de presentación iniciárase o 30 de marzo de 2017 e manterase aberto ata o día 30 de maio de 2017 ás 14:00 horas.

3. Procedemento de selección

A selección dos textos teatrais a representar realizaraa o Consello Territorial da SGAE en Galicia.

A decisión do Consello Territorial da SGAE en Galicia será inapelable. O nome dos autores dos textos seleccionados farase público antes do 23 de xuño de 2017.

O Consello Territorial da SGAE en Galicia poderá declarar deserta a convocatoria para o ciclo de lecturas dramatizadas no caso de que ningún dos textos presentados cumpra cos requisitos esixidos no punto 4, que deseguido se detallan.

4. Criterios de avaliación

O Consello Territorial da SGAE en Galicia establece os seguintes criterios para valorar e seleccionar os textos presentados:

- Ser socio/a de SGAE.
- Ter a duración axeitada para unha representación teatral.
- Estar escrito en lingua galega.
- Non ter sido representado anteriormente.
- A orixinalidade do texto dramático achegado.
- A creatividade do texto dramático achegado.

5. Normas xerais

- Os participantes eximen a Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente en materia de propiedade intelectual en España na que puideran incorrer coas obras presentadas.
- Polo feito de concorrer a esta convocatoria, os autores participantes aceptan integramente estas Bases, así como as decisións do Consello Territorial de Galicia, e autorizan a Fundación SGAE a difundir información

sobre a convocatoria que inclúa datos profesionais e/ou imaxes fotográficas dos autores dos textos seleccionados.

- A Fundación SGAE non adquire, en virtude desta convocatoria, ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria, en relación coa realización e desenvolvemento deste proxecto, distinta da detallada neste documento.
- Para levar a cabo a representación dos textos teatrais seleccionados nas diferentes lecturas dramatizadas, o Consello Territorial de Galicia será quen elixa os directores participantes e estes últimos á súa vez serán quen elixan os actores participantes na representación das mesmas.
- No caso de reclamación ou conflito, tanto os participantes coma os organizadores do proxecto deberán someterse á xurisdición dos Tribunais de Madrid capital, España, e considerarse como oficial o texto en castelán.

6. Deber de confidencialidade e protección de datos persoais

Todos os datos persoais que as partes subministren na xestión do proxecto teñen carácter confidencial e non poderán ser revelados a terceiros nin utilizados para fins distintos aos establecidos, agás as excepcións recollidas pola lexislación vixente. Os datos que voluntariamente faciliten incorporaranse a un ficheiro, cuxo responsable é Fundación SGAE, que será notificado ao Rexistro Xeral de Protección de Datos da AEPD. O titular do Dereito Fundamental á Protección de Datos Persoais conta cos dereitos de Acceso, Rectificación, Cancelación e Oposición. Para exercelos pode dirixirse por escrito a: Fundación SGAE, rúa Bárbara de Braganza, 7, 28004 MADRID. Fundación SGAE presume que os datos facilitados polo afectado son veraces e responden á súa situación actual. O afectado obrígase a comunicar a súa modificación dende o intre en que se produza.

Para máis información: pblanco@fundacionsgae.org
